# Tema 1.- A organización do ser humano

## 1.- Os niveis de organización

**• ATÓMICO**

- Partículas máis pequenas en que pode dividirse a materia. Ex. Osíxeno (O), calcio (Ca)
- **Bioelementos**: átomos de elementos químicos que forman parte da materia viva. Ex. C, H, O, N

**• MOLECULAR**

- Agrupacións de átomos unidos por enlaces químicos. Ex. osíxeno molecular ($O_2$)
- **Biomoléculas**: Moléculas que forman parte da mat. viva compostas por bioelementos
  - • INORGÁNICAS: Non exclusivas da materia viva
    - $H_2O$ (auga)
    - Sales minerais
  - • ORGÁNICAS: Exclusivas da materia viva

**GLÍCIDOS**

Principal fonte enerxética da célula. Ex. glicosa
- Estrutural: parede da cél. vexetal. Ex. celulosa

**LÍPIDOS**

- Estrutural: forman parte das membranas cel. Ex. colesterol ou fosfolípidos
- Enerxética da célula. Ex. graxas/triglicéridos

**PROTEÍNAS**

- Estrutural: Ex. Proteínas da membrana celular
- Transporte: Ex. Hemoglobina transporta o $O_2$ no sangue

**ÁCIDOS NUCLEICOS**

- Conteñen a información xenética
- Controlan f(x) celulares

ADN e ARN

As biomoléculas agrúpanse para formar **ORGÁNULOS** que son estruturas celulares que levan a cabo unha f(x) dentro da célula. Ex. Mitocondria

**POLÍMERO**: cadeas longas formadas pola unión de varias moléculas dun mesmo tipo, máis pequenas, chamadas **monómeros**.
Ex. Un polímero sería **celulosa ou amidón** que están formados pola unión de miles de moléculas de glicosa, a glicosa sería o monómero.
As BIOMOLÉCULAS ORGÁNICAS son polímeros.

**• CELULAR**

- A **célula** é a unidade básica da vida, é dicir, a parte máis pequena capaz de realizar as tres funcións vitais [illegible]

**TEORÍA CELULAR**

- Unidade **estrutural**: todos os seres vivos están formados por unha ou máis células.
- Unidade **funcional**: a célula é a mínima unidade da materia capaz de realizar as 3 f(x) vitais: nutrición, relación e reprodución.
- Unidade **reprodutora**: Toda célula procede doutra célula xa existente

**• TISULAR**

- **Tecido** é un grupo de cél, de forma e estrutura semellantes, que levan a cabo a mesma función.
- Tipos
  - * Epitelial
  - * Conectivo
  - * Muscular
  - * Nervioso

**• ÓRGANO** → Un **órgano** é o conxunto de tecidos que funcionan de forma coordinada para realizar unha función concreta. Ex. Pulmón, ril, corazón.

**• APARATOS OU SISTEMAS** → Un **aparato ou sistema** é o conxunto de órganos que colaboran de forma coordinada para realizar unha f(x) común. Ex. Aparato circulatorio, Sistema nervioso, óseo.

**• ORGANISMO** → Está constituído polo conxunto de órganos, aparatos e sistemas que funcionan de forma coordinada para realizar as 3 f(x) vitais.
Ex. O ser humano, can, mexillón, lagarto.

| ÁTOMO → | MOLÉCULA → | CÉLULA → | TECIDO → | ÓRGANO → | APARATO OU SISTEMA → | ORGANISMO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Ex. Osíxeno ( ) | Osíxeno molecular ($O_2$) | Cardíaca | Muscular cardíaco | Corazón | Circulatorio | Ser humano |